

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE

12798 *Real decreto 899/2017, do 6 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen os requisitos para a fabricación e comercialización dos xeradores de aerosois.*

O Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen os requisitos para a fabricación e comercialización dos xeradores de aerosois, incorpora, nun único texto regulamentario, as disposicións relativas aos xeradores de aerosois, incluíndo as previsións da Directiva 75/324/CEE do Consello, do 20 de maio de 1975, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre os xeradores de aerosois, segundo resulta modificada para a súa adaptación ao progreso técnico polas directivas 94/1/CE, do 6 de xaneiro de 1994, da Comisión, pola que se procede á adaptación técnica da Directiva 75/324/CEE do Consello, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre os xeradores aerosois; e 2008/47/CE da Comisión, do 8 de abril de 2008, que modifica, para adaptala ao progreso técnico, a Directiva 75/324/CEE do Consello, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre os xeradores aerosois, así como para a súa adaptación ao Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e polo que se modifican e derrogan as directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1907/2006; así como pola Directiva 2013/10/UE da Comisión, do 19 de marzo de 2013, pola que se modifica a Directiva 75/324/CEE, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre os xeradores aerosois, co fin de adaptar as súas disposicións en materia de etiquetaxe ao Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas.

Na Directiva 75/324/CEE do Consello, do 20 de maio de 1975, establécense as normas relativas á comercialización de xeradores de aerosois. Así mesmo, harmonízanse os requisitos de seguridade dos xeradores de aerosois, incluídos os requisitos relativos ás capacidades nominais, o acondicionamento e outros perigos relacionados coa presión e os requisitos de etiquetaxe dos xeradores de aerosois que entran no seu ámbito de aplicación e que se comercializan conforme as disposicións da dita directiva.

O progreso técnico e a innovación permitiron nos últimos anos o desenvolvemento de xeradores de aerosois con propulsores non inflamables innovadores, principalmente con gases comprimidos como o nitróxeno, o aire comprimido ou o dióxido de carbono. No entanto, a actual presión máxima permisible dos xeradores de aerosois prevista pola Directiva 75/324/CEE do Consello, do 20 de maio de 1975, limita o desenvolvemento deste tipo de xeradores de aerosois, xa que afecta negativamente a eficacia do *spray* destes durante toda a súa vida útil.

Mediante a Directiva 2008/47/CE da Comisión, do 8 de abril de 2008, incrementouse a presión máxima permisible dos xeradores de aerosois cun propulsor non inflamable de 12 a 13,2 bares, o que, nese momento, era o límite máximo de presión que permitía garantir a seguridade. Porén, novos progresos técnicos e innovacións fan que sexa posible volver modificar o dito límite sen que isto afecte a seguridade destes xeradores de aerosois. Por conseguinte, pódese permitir un novo aumento co fin de mellorar o caudal e a calidade do *spray* destes xeradores de aerosois comercializados, co cal a oferta á disposición dos consumidores se amplía e é máis eficaz.

O incremento da presión admisible dos xeradores de aerosois cun propulsor non inflamable ofrecería máis posibilidades de elección aos fabricantes e, por tanto, a posibilidade de utilizar estes xeradores de aerosois para máis aplicacións. Por conseguinte, permitiría, na medida do posible, pasar a utilizar gases non inflamables en lugar de

inflamables, co cal se mellorarían a eficacia e o rendemento ecolóxico dos xeradores de aerosois e se garantirían ao mesmo tempo os actuais niveis de seguridade establecidos no Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto.

Pola súa parte, o Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, ten por obxecto a harmonización da clasificación e a etiquetaxe de substancias e mesturas na Unión Europea. Aínda que as disposicións en materia de etiquetaxe do Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto, polo que se traspón a Directiva 75/324/CEE do Consello, do 20 de maio de 1975, xa se adaptaron ao dito regulamento mediante a transposición ao noso ordenamento xurídico da Directiva 2013/10/UE da Comisión, do 19 de marzo de 2013, realizada a través do Real decreto 473/2014, do 13 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen os requisitos para a fabricación e comercialización dos xeradores de aerosois, necesítase unha nova adaptación co fin de ter en conta as modificacións posteriores previstas polo Regulamento (UE) n.º 487/2013 da Comisión, do 8 de maio de 2013, que modifica, para efectos da súa adaptación ao progreso científico e técnico, o Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas. Por conseguinte, é conveniente incrementar a claridade xurídica e a coherencia cos requisitos en materia de etiquetaxe do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, aínda que sen impoñer ningunha nova obriga.

Ambas as modificacións se realizaron a través da Directiva (UE) 2016/2037 da Comisión, do 21 de novembro de 2016, pola que se modifica a Directiva 75/324/CEE do Consello, do 20 de maio de 1975, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre os xeradores aerosois, co fin de adaptar as súas disposicións en materia de etiquetaxe ao Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e que se traspón ao ordenamento xurídico español a través deste real decreto, polo que se modifica o Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen os requisitos para a fabricación e comercialización dos xeradores de aerosois.

En consecuencia, dado que o incremento da presión máxima permisible dos xeradores de aerosois con propulsores non inflamables non daría lugar a ningunha nova obriga para os fabricantes, senón que soamente se recolle unha opción adicional en caso de utilización de propulsores non inflamables, non é necesario prever ningún período transitorio.

Durante a tramitación deste real decreto efectuouse o trámite de audiencia previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Esta disposición dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.ª da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, e do disposto no artigo 149.1.10.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas en materia de industria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de outubro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen os requisitos para a fabricación e comercialización dos xeradores de aerosois.*

O Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen os requisitos para a fabricación e comercialización dos xeradores de aerosois, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 2 da epígrafe B), «Disposicións xerais», do anexo do Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto, que queda redactado:

«2. Etiquetaxe. Sen prexuízo do disposto no Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e polo que se modifican e derrogan as directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1907/2006, os xeradores de aerosois deberán levar de forma visible, lexible e indeleble o seguinte:

a) Se o aerosol está clasificado como «non inflamable» de acordo cos criterios do número 9 da epígrafe A, a palabra de advertencia «atención» e as demais indicacións que deben figurar nas etiquetas dos aerosois da categoría 3 recollidos na táboa 2.3.1 do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008.

b) Se o aerosol está clasificado como «inflamable» de acordo cos criterios do número 9 da epígrafe A, a palabra de advertencia «atención» e as demais indicacións que deben figurar nas etiquetas dos aerosois da categoría 2 recollidos na táboa 2.3.1 do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008.

c) Se o aerosol está clasificado como «extremadamente inflamable» de acordo cos criterios do número 9 da epígrafe A, a palabra de advertencia «perigo» e as demais indicacións que deben figurar nas etiquetas dos aerosois da categoría 1 recollidos na táboa 2.3.1 do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008.

d) Cando o xerador de aerosois sexa un produto de consumo, o consello de prudencia P102 recollido na parte 1, táboa 6.1, do anexo IV do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008.

e) Calquera precaución de uso adicional que advirta os consumidores dos perigos específicos do produto; se o xerador de aerosois leva unhas instrucións de manexo á parte, nelas deberán constar tamén as ditas precaucións de uso.»

Dous. Modifícase o número 1.2 da epígrafe C), «Disposicións especiais relativas aos xeradores de aerosois cuxo recipiente sexa de metal», do anexo do Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto, que queda redactado:

«Acondicionamento:

A 50 °C, a presión do xerador de aerosois non deberá superar os valores indicados no cadro seguinte, que dependerán do contido de gases no xerador de aerosois:

Contido de gases	Presión a 50 °C
Un gas licuado ou unha mestura de gases que teñan un rango de inflamabilidade co aire a 20 °C e unha presión de referencia de 1,013 bares.	12 bares.
Un gas licuado ou unha mestura de gases que non teñan un rango de inflamabilidade co aire a 20 °C e unha presión de referencia de 1,013 bares.	13,2 bares.
Gases comprimidos ou gases disoltos a presión que non teñan un rango de inflamabilidade co aire a 20 °C e unha presión de referencia de 1,013 bares.	15 bares.»

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Esta disposición dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e do disposto no artigo 149.1.10.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio

exterior, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas en materia de industria e en materia de consumo.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva (UE) 2016/2037 da Comisión, do 21 de novembro de 2016, pola que se establecen os requisitos para a fabricación e comercialización dos xeradores de aerosois, co fin de adaptar as súas disposicións en materia de etiquetaxe ao Regulamento (CE) n.º 1272/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 12 de febreiro de 2018.

Dado en Madrid o 6 de outubro de 2017.

FELIPE R.

O ministro de Economía, Industria e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO